

CONVENIOS DE PATROCINIO ENTRE A FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO E CLUBS DEPORTIVOS PARA A ACTIVIDADE DE PATROCINIO POR PARTE DA ENTIDADE Á FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO DE ACORDO CO PLAN DE PATROCINIO DOS EQUIPOS DE ALTA COMPETICIÓN DE GALICIA PARA O EXERCICIO 2018.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O DIRECTOR-XERENTE DA FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO, **DECLARA:**

Que esta FUNDACIÓN ten previsto formalizar con os clubs que se detallan a continuación, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 4 de maio ata o 31 de decembro de 2018. A relación de clubs é a seguinte:

Escuelas Deportivas Val Miñor Nigrán
Alondras Club de Fútbol
C. D. Areosa
Santiago de Compostela C. F.
Pontevedra C.F. S.A.D. (Equipo Xuvenil)
Racing Club Villalbés

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

establecer as relacións entre as Partes en orde a dispoñer a actividade de patrocinio por parte das Entidades á Fundación Deporte Galego e ABANCA así como a colaboración das partes na promoción do Plan Galego de fomento da actividade física GALICIA SAUDABLE, de acordo co Plan de patrocinio para o exercicio 2018.

Este patrocinio será desenvolvido conforme á proposta publicitaria presentada polas Entidades así como de conformidade co establecido no Plan de Patrocinio Deportivo Fundacional dos equipos de Alta Competición de Galicia, exercicio 2018.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

- I. Que a Fundación, entidade fundacional do sector público de Galicia, ten por finalidade a promoción do deporte na Comunidade Autónoma galega, en cuxa



consecución está capacitada para a realización de distintas actuacións, en colaboración con institucións e empresas, tanto públicas como privadas.

- II. Que a Fundación Deporte Galego, ten aprobado o Plan de Patrocinio Deportivo Fundacional dos equipos de Alta Competición de Galicia, exercicio 2016, cuxo obxecto principal é a difusión da actividade e imaxes fundacional e da Comunidade Autónoma e especialmente do Plan Galego para o fomento da actividade física GALICIA SAUDABLE, así como a promoción do deporte de alta competición de Galicia, tendo por destinatarios as entidades con equipos nas máximas categorías estatais absolutas. En diante, o Plan.
- III. Que as Entidades contan cun equipo participante nunha das competicións incluídas no ámbito obxectivo do Plan. En diante o Equipo.
- IV. Que a Fundación e a entidade financeira ABANCA formalizaron en data 20 de febreiro de 2015 un contrato de patrocinio, que ten por obxecto o patrocinio publicitario por ABANCA do Plan de patrocinio dos equipos de alta competición de Galicia da Fundación Deporte Galego -en diante o Plan-. Este patrocinio supón a consideración de ABANCA como PATROCINADOR OFICIAL do Plan, incorporándose o seu distintivo corporativo ás actuacións de comunicación do mesmo que desenvolva a Fundación, sen prexuízo das restantes prestacións contempladas no Plan de patrocinio a favor de ABANCA.
- V. Que o Plan de Patrocinio conta con dous apartados específicos de patrocinio:
 - a. Patrocinio Deporte Galego e Galicia Saudable.
 - b. Patrocinio con cargo á liña específica ABANCA.
- VI. Que as Entidades presentaron proposta publicitaria só para o segundo dos dous apartados de patrocinio.
- VII. Que logo da correspondente tramitación do expediente, as Entidades vén de resultar adxudicatarias no procedemento establecido para a formalización coa Fundación, dun convenio de patrocinio con motivo do Plan de Patrocinio só para o segundo dos dous apartados sinalados anteriormente.
- VIII. Que conforme a todo o referenciado, as Partes, recoñecendo plena capacidade, conveñen en subscribir o presente convenio de patrocinio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o





recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 4 de maio de 2018.

